

Relación de incerteza

Lévaos seguindo unha hora. Máis ben mirando, porque o seguiu só dez minutos, despois o home meteuse nun café e xa vai polo terceiro cortado e o segundo periódico, rozando a hora de permanencia no establecemento. Iso hoxe. Onte seguiu tamén un pedazo, pola tarde, logo viu que ía ao fútbol e entón desistiu, demasiado esperar, e non ía intentar escapulirse, non tan axiña, non podía saber aínda que alguén o estaba a seguir. Ou talvez o home era escrupuloso, tiña algo que ocultar e seguía un método prevendo posibles complicacións. Pero non tiña aspecto diso. Víaselle bastante pulcro pero cun aire informal, como afastado de premeditacións semellantes. Esperáralo preto da súa casa e alí reaparecera un par de horas logo do remate do partido, bo rapaz, a casa que ao día seguinte hai que traballar. Traballar en que. O tío parece que non a rasca. Suponse que esa mañá ten que ir á redacción do xornal, pero alí segue, a ler e a tomar café. Talvez o mesmo que faría na oficina. Pero é evidente que espera a alguén. A ela, quizais. Quizais a alguén descoñecido para os dous, porque o home ao que observa, digamos observa ou investiga no canto de vixía ou espía, é máis exacto, pois o home ao que observa mira con frecuencia cara á porta, e se ás veces se abstrae demasiado na lectura do xornal, logo compénsao percorrendo coa vista o local para ver se no entanto apareceu a persoa esperada. O xeito de escudriñar, ese aire de quen non descarta unha sorpresa, é o que induce a pensar que pode esperar a alguén descoñecido.

Ao cabo dun tempo chega unha muller e el, imos dicir o suxeito, o que observa é o suxeito e o que é observado é o obxecto –aínda que tamén é un suxeito, é un home, si, pero dadas as circunstancias pasa a ser obxecto, obxecto da observación do suxeito investigador– pois o suxeito ponse alerta, quizais ela estivese relacionada co caso, podía ser unha amiga da outra, ou quizais tivese algo que ver

coas motivación do obxecto, ai! como soa, un obxecto con motivacións, talvez obxecto non sexa a denominación máis axeitada, a ver outra vez, *as motivacións do obxecto*, mmm, en fin, están tan normais, coñécense pero non intimamente, a súa linguaxe corporal é clara a ese respecto. Debe ser unha compañeira de traballo. Ela dálle un cartafol e un par de disquetes, toma un café rápido e saen xuntos do bar, aínda que toman direccións opostas en cadanseu vehículo.

O suxeito fai unha aposta contra si mesmo, a que ese non vai á oficina, a que non, e aínda máis, unha entrada para a final do mundial se adiviña onde vai. En principio así é, o traxecto que o coche obxecto de seguimento realiza non parece encamiñarse á redacción do xornal, senón que se dirixe cara a, onde, onde, rápido ou non vale, cara a onde, a un parque, a un parque ou a uns grandes almacéns, non valen dúas opcións, unha e axiña, xa. Pois a un parque. Efectivamente, ao cabo duns minutos gañou esa entrada. A ver se gaña tamén os cartos para mercala. O obxecto (pfff) aparca fronte a un parque e comeza a camiñar con todo o aspecto de estar a dar un paseo. Definitivamente isto de obxecto non vale, soa fatal. Que tal suxeito observado. Suxeito con cordas. Suxeito con nome e apelidos, ha há, se soubese como se chama. Mirar as caixas do correo non lle serviu de moito, o edificio tiña trinta e dúas vivendas por andar, e non sabía en que andar vivía, así que nada. Claro que pode inventalo. E ademais, que pasa se non sabe o nome, habendo como hai pronomes. O malo é que resultan ambiguos, claro. El é o suxeito e el tamén é o obxecto. Así que el, son eles. Non che digo.

O caso é que debería indagalo, o nome, podería ir á redacción do xornal e preguntar por el. Por favor, quería falar con, mmm, como se chama, Eduardo, non, Andrés, creo que é Andrés, o que ten un Volkswagen Polo verde. Ah, si, pero non se chama Andrés, chámase Martín. Ah, Martín, claro, Martín que. Martín Vilanova. Mira que fácil, entón a partir de aí chamalo polo seu nome, Martín, e xa está. Pero non, non pode ser, logo diríanlle que alguén estivera a preguntar por el. Si? Quen? Non sei. E que quería? Pois non o dixo, a verdade é que creo que saber como te chamas. Xenial. Non pode achegarse así e poñelo sobre aviso, non, o

obxecto, o tío, Martín, como raio se chame, está a actuar con total despreocupación e é preferible que siga así, facilítalle moito a tarefa. O mellor será procurar o nome a través da matrícula, cando teña un momento pasarase polo despacho de Elviro, que llo mire.

Total, que camiñan polo parque, niso acertou. O suxeito felicítase pola súa perspicacia, á que tamén podería chamar pura sorte, e segue ao seu obxectivo a unha distancia moi prudente. Non quere que o vexa, claro, tampouco é que importe demasiado pero prefire evitalo, quizais teña que seguilo bastante tempo, así que mellor ser discreto e non alarmalo. A súa conduta é normal en grao sumo pero non hai que confiarse, non chegar á situación na que a observación modifica o estado do obxecto observado, para iso xa ir e dicirlle, perdoe, é vostede o que ten relacións adúlteras coa esposa do meu cliente, Armando Peinador? E despois comprobar como lle escapa o tío en canto o vexa. Tío, tío está ben. O suxeito e o tío. Non está ben, pero tanto ten. Hai que facer como o tío, ao que parece que todo lle é igual. Mira ás nubes, compra un xeado, bótalle o cucurucho aos patos, mira ás mozas que pasean cans... a maior parte da xente que pasea cans son anciáns e mulleres maiores, pero tamén hai mozas e o tío mira só ás mozas. É obvio que non son os cans o que lle interesa. Vainas abordar? Parece que non. E se o fixese eu? De ter un can non o dubidaría, sería doado, natural. Iría e diríalles: é voso o can? Si? Vaia. Sodes moi novas para ter un *bulldog* francés, non sei porque, pero adóitanos ter mulleres xa maiores... en fin, parolaría calquera cousa. Pero así, aínda por riba coa cámara, poden crer mesmo que son un sátiro.

Mais a parte disto, se resulta que o que viña sendo o suxeito, agora son **eu**, – decatáranse?– entón vixiante e vixiado teñen un número de persoa gramatical distinto, co que se evitarán confusións. Seguro? Pode que entre investigador e investigado si, pero agora a confusión será entre investigador e narrador, e non sei que será peor.

Hai que procurar que a denominación non sexa ambigua, pero tamén o menos cambiante posible, supoño. Así que será mellor manter as distancias con el –

maldito pronome—, quero dicir co suxeito observador, o investigador privado se vostedes prefiren, ao que non debo achegarme demasiado pois senón vai descubrirme a min tamén, e entón perderá a naturalidade e a sinxeleza coa que viña comportándose, do mesmo xeito que el, investigador, suxeito observador, non debe achegarse en exceso ao obxecto da súa investigación, posible adúltero, para que este conserve a súa espontaneidade e a liña de conduta exhibida ata o momento, de modo que preservemos todos a correcta distancia gramatical, senón non hai forma de aclararse. E así vostede é lector, eu son obviamente o narrador, el é ambiguo e tanto pode ser o suxeito observador-investigador, como o tío obxecto ese pesado que segue paseando ata xa aburrir ao seu seguro seguidor.

Estase a escurecer o día, non se trata dunha falacia patética nin dunha metáfora da confusión, e que é así, seica acabará chovendo esta mañá. E non cansa, o tío, é contemplativo en verdade. Gustaranlle así á súa dona, a dona do cliente do suxeito, gustaranlle os contrastes máis ben, porque o seu marido é un home activo, expeditivo e un pouco agresivo, se se lle permite opinar ao suxeito sobre o temperamento dos clientes. Quizais ela atope neste ser levemente melancólico e de aspecto sensible unha persoa coa que ten afinidades insospeitadas, alguén con quen colmar inclinacións de imposible satisfacción co seu cónxuxe. Ou tamén para ela será un obxecto? Non hai relación sen incerteza, pero ese non é o seu problema, sentencia o suxeito. E continúa coa súa observación. Ese xeito de andar tan repousado, esas longas paradas soñadoras, revelan a unha persoa de carácter calmo e silandeiro. De cando en vez, moi de cando en vez, saca un caderniño e fai algunhas anotacións, estará preparando un artigo quizais, si, iso debe ser, é xornalista ao fin e ao cabo. Redactor, columnista? Reporteiro de guerra non é, non. E xa van para dúas horas o que dura o paseo.

Escureceu máis e caen xa as primeiras pingas. O suxeito case alégrase, con tanto aire puro empezaba a sentirse estraño. Diríxese cara ao coche con verdadeiras ganas, anticipándose aos movementos do seu observado. A choiva axiña recrúa e molla a tódolos transeúntes antes de que consigan acubillo.

Outra vez en marcha, é un alivio conducir mesmo nunha cidade cun tráfico conxestionado polas obras e na que cando chove parece que medra o número de coches, que se esponxa, desprega e multiplica. Está feito un poeta, esa mañá contemplativa afectoulle. Segue ao seu obxectivo nun estado de estraña serenidade, apostando novamente polo destino que tomará, malia que o importe das apostas vai baixando porque o resultado é previsible en exceso. Encantaríalle que o tipo o sorprendera, pero teme que esta vez si vai ir á redacción do xornal *A Bisbarra*, a algunha hora terá que ir, a non ser que os seus informes sexan erróneos, non, non o son, diríxese alí. Conduce con calma, non apura os semáforos, non toca a bucina. Este tío é un peixe cocido, válame deus. Ve como entra na redacción e, ala, a esperar. A ver se é máis rápido ao redactar que ao pasear, a ver se o leva todo pensado. El xa non vai nin saír do coche, mellor non. Aínda que non estaría mal darse unha volta por alí, observalo de esguello no seu ambiente de traballo con calquera excusa, encargarse un anuncio por palabras, levar unha carta ao director, calquera cousa. Pero e se o tío o ve. E se logo o volve a ver, que é o malo, que se fixe nel e que se decate da repetición da súa cara. Claro que observar como se comporta cos seus colegas, como se desenvolve na contorna laboral, diríalle bastantes cousas da súa personalidade. Pero tampouco estaría mal aproveitar este tempo para achegarse ao de Elviro e conseguir algúns datos de modo indirecto e discreto. Ten un momento de vacilación dentro do coche, co limpaparabrisas parado e a choiva a escorregar polos cristais como nun lavacoches. Que é o mellor, que lle convén máis saber. Está claro que as dúas cousas non van poder ser arestora, xa, á vez. Pode pescudar con Elviro como se chama, o seu enderezo completo, o teléfono, mesmo cun pouco de sorte colgou algunha foto comprometida no facebook. Ou pode tamén –coa súa fina intuición, a súa habilidade social– decatarse de como é, que hábitos ten, que opinións, como reacciona, como se dirixe á xente, a súa vida interior se se descoida. O coñecer moito dun aspecto impediralle coñecer o outro, non pode ter os dous á vez, recorrer a Elviro ou subir el mesmo, se cadra ata coñece a alguén na redacción, aí, iso pode ser un prol e un contra, se un posible coñecido o descubre.

A tromba de auga segue caendo e el segue a sopesar ámbalas dúas opcións. Como siga así nin unha nin outra, o tipo obxecto sairá da redacción e el verase suxeito a seguilo novamente.

Opta por subir á redacción, os datos que Elviro poida proporcionarlle poden esperar, iso é un motivo, outro é que a choiva continúa tan torrencial que sente a ameaza dun lavado de cerebro inminente se continúa alí no coche. Téntalle a posibilidade de interacción, si, está canso da prudente distancia, quéreo observar máis de preto, no seu elemento, entráronlle mesmo ganas de chegar a unha conversa, falar con el directamente, por que non, non ten por que sospeitar se se presenta coma un individuo mais dos que pululan polos xornais, un suxeito anónimo que vai contar un suceso, calquera cousa. Decídese e sae do coche, corre baixo a choiva, entra na redacción, búscalo coa mirada mentres espile a auga da roupa e diríxese a el sen a menor vacilación. A tiro fixo e con sangue frío. Dille que quere informar dun suceso lamentable, unha agresión ocorrida na rúa R da que foi testemuña. O tío preguntalle se informou á policía. O suxeito responde que si, e que xa foron realizadas algunhas dilixencias, pero que lle gustaría, parécelle importante, que a prensa publique a noticia. Daquela o tío faino pasar ao despacho dunha redactora e déixao con ela. Mentres o suxeito recrea e disfrazo para a xornalista fragmentos e detalles dun dos seus antigos casos, recapitula sobre a breve entrevista sostida. O suxeito, temeroso de que o comportamento do obxecto observado se modificara pola proximidade do observador, xa interacción, e resulta que é el mesmo quen nota certa alteración, que non transcende na súa conduta pero que é perceptible na súa conciencia en forma de ideas tolas que lle cruzan a mente pretendendo ser tidas en consideración. Ideas como: quen lle di que todo non é un erro, que o tío non ten nada que ver coa dona do seu cliente? E tamén, non será xa hora de cambiar de traballo, non está canso destas persecucións e de andar todo o día dunha cidade a outra? E ademais, non debería pórse en contacto coa dona e solicitarlle unha contra-oferta? En canto ao segundo, si, xa está farto de tanta viaxe e tanta vida irregular, danlle envexa estes oficinistas co seu horario fixo e o seu soldo. Tocante ao terceiro, déixao correr. En canto ao primeiro, non,

dixérallo a súa intuición dende un principio, e confirmoullo unha fotografía dela na mesa de traballo del. Malia que tanto descaro faille dubidar un instante que verdadeiramente exista entre eles unha relación sexual. Á memoria do suxeito acode un tropel de recordos dun episodio adúltero propio. Veñen tamén escenas que ilustran a personalidade afable e delicada do tío observadas ao longo do día. Como tratou aos camareiros. Como contemplou a natureza. Como parou o seu vehículo nos pasos de peóns. Veñen tamén, contrapóndose, imaxes de Armando Peinador, enérxico, brusco, dominador. Asinador de cheques, tamén. Sen un xesto amable, só un orgullo ferido. E a súa dona. Moi parecida ao seu cónxuxe baixo o seu aspecto estudadamente delicado e feble.

O que vai facer é darlle un toque, discreto, si, pero sen andrómenas, que saiba que o seu *affair* está a ser observado e se comporte en consecuencia, con coidado, que se sinta vixiado e actúe con máis sixilo. De modo que cando sae do despacho da redactora achégaselle, aparentemente para despedirse e realmente para dicirlle, mirando de esguello á foto, algo así como “*Guapa muller*”, e observar detidamente a súa reacción. Nin se inmutou. Evidentemente ten que cargar un pouco máis as tintas, e rexistrar cada detalle da súa resposta cando engada “*Recórdame á muller dun amigo*”. Agora si o xornalista mirouno, pero cunha naturalidade abraiante, tan frío coma se, máis que unha persoa, fose un obxecto. O suxeito queda moi sorprendido. Non se esperaba unha actitude así logo do rosaliano que o viu no parque. Está a experimentar un forte vaivén emocional e recoñece ante si mesmo que sentira o impulso de axudalo, si, pero había algo máis, non tan solidario, quería velo nervioso, ver como perdía a serenidade ao saber que o estaban a seguir, e ao saber que esa muller estaba casada. Porque algo lle fixo pensar que ela non llo dixera, ninguén no seu san xuízo nin na redacción dun xornal ten na súa mesa a fotografía dunha muller casada, casada con outro, enténdese. E a súa reacción gustoulle, gustoulle o estilo do tío, máis aínda, causoulle verdadeira impresión, cústalle admitilo, pero así é.

Vaille dicir agora quen é el, ou que? Dubida. Que lle ocorre? El é un mero observador ou debería selo. Está a sufrir unha variante da síndrome de Estocolmo, son demasiados anos a seguir xente? Son, pero aínda é algo máis, un efecto que tiña tamén o nome dunha cidade nórdica, cal era, Conpenhague, sinte vertixe, identificación de suxeito e obxecto, son os dous o mesmo, suxeito que observa e obxecto observado ao que sente impulsos de abrazar, meu! irmán! tío! se soubeses como te entendo, se soubeses o que me recordas a min mesmo! ela, boh, ti si que vales a pena, ti e mais eu! Pero contense, abonda co que xa ten dito e feito, a pesar do seu aspecto hierático o obxecto comprende, diríxelle unha mirada inequívoca e inconfundible, sóndanse nunha fracción de segundo ata o máis fondo, e recoñécense.